



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2017**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 9 de xaneiro de 2017

HORA DE COMEZO: 20:00 h.

HORA DE REMATE: 20:35 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Mariano Abalo Costa.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 19 E 26 DE DECEMBRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 19 e 26 de decembro de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

2.A) INFORME DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS S/SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS (CAFÉ-BAR UN PUNTO DE SAL)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes emitidos o día 03.01.2017 polo departamento de Xestión de Ingresos Municipal e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo



## Concello de Cangas

os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**

De conformidade coa *ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DAS TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA do Concello de CANGAS (BOP 27-7-2012), as autorizacións estarán supeditadas ao indicado no seu:*

### *ARTIGO 10. SUSPENSIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN*

*1. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xere dereito a indemnización ningunha.*

A Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública, nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos. Así mesmo no artigo 12, punto 3 (Ocupación con terrazas en prazas públicas e zoas axardinadas), parágrafo 1, a instalación de mesas e cadeiras pode ser autorizada respectando, entre outros, o tránsito dos viandantes e demais características da praza.

\* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

*1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.N.B. (CAFÉ-BAR "UN PUNTO DE SAL"), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. de Castelao, nº 21-Cangas, nunha superficie de 8,00 m<sup>2</sup>., do 1 de decembro de 2016 ao 30 de xuño de 2017.*

*Realizada inspección infórmase que a ocupación efectiva de vía pública con mesas e cadeiras que se leva a cabo é de 12,00 m<sup>2</sup>., polo que se emitirá a correspondente liquidación desde o 1 de outubro de 2016 ata o 31 de xaneiro de 2017.*

*2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.P.N. (CAFÉ-BAR "LICENCIA 45"), para ocupación con mesas e cadeiras na Praza das Pontes-Cangas, nunha superficie de 30,00 m<sup>2</sup>., durante a temporada de inverno de 2017.*



## Concello de Cangas

*Realizada inspección infórmase que a ocupación efectiva de vía pública con mesas e cadeiras que se leva a cabo é de 30,00 m<sup>2</sup>., polo que se emitirá a correspondente liquidación desde o 1 de outubro de 2016 ata o 31 de xaneiro de 2017.*

*3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR B.P.C. (XELADERÍA), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 3-Cangas, nunha superficie de 8,00 m<sup>2</sup>., desde o 10 de decembro de 2016 ata o 15 de xaneiro de 2017.*

*Realizada inspección infórmase que a ocupación efectiva de vía pública con mesas e cadeiras que se leva a cabo é de 30,00 m<sup>2</sup>., polo que se emitirá a correspondente liquidación desde o 10 de decembro de 2016 ata o 15 de xaneiro de 2017.*

*4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G.L.A.B. (CAFÉ-BAR CANGAÇEIRO), para ocupación con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 20-Cangas, nunha superficie de 16,00 m<sup>2</sup>., desde o 1 de decembro de 2016 ata o 30 de outubro de 2017.*

*Realizada inspección infórmase que a ocupación efectiva de vía pública con mesas e cadeiras que se leva a cabo é de 20,00 m<sup>2</sup>., polo que se emitirá a correspondente liquidación desde o 1 de decembro de 2016 ata o 31 de xaneiro de 2017.*

*5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR "HERMANOS REY GRAÑA, CB", con CIF E-36341030, representada por G.R.G. (CAFÉ-BAR "LA MARINA"), para ocupación con mesas e cadeiras en Praza Eirado do Señal, nº 3-Cangas, nunha superficie de 5,15 m<sup>2</sup>., desde o 1 de novembro de 2016 ata o 31 de maio de 2017.*

*Realizada inspección infórmase que a ocupación efectiva de vía pública con mesas e cadeiras que se leva a cabo é de 30,00 m<sup>2</sup>., polo que se emitirá a correspondente liquidación desde o 1 de outubro de 2016 ata o 31 de xaneiro de 2017.*

### CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.



## Concello de Cangas

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2017, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licencias para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante amarres ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarse expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.



Concello de Cangas

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

## **FACENDA**

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

3.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS CUSTAS E XUROS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 10/2016 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 300/2009

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 04.01.2016, referente ás custas e xuros derivados da execución de títulos xudiciais nº 10/2016 derivada do procedemento ordinario nº 300/2009, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS CUSTAS E XUROS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 10/2016 DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 300/2009 (X-09/40)*

*Visto o contido da Dilixencia de Ordenación de data 12.12.2016 recaída na tramitación do procedemento de Execución de Títulos Xudiciais 10/2016 derivada do Procedemento Ordinario nº 300/2009, seguido a instancia de M.L.N.N. no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, pola que se require ao Concello co fin de que: 'expida no prazo de dez días orde de pago a favor da parte executante por importe de tres mil cento vinte e dous euros con cincuenta e dous céntimos (3122,52 €) de principal, oitocentos noventa e catro euros con cincuenta e dous céntimos (894,52 €) de xuros vencidos e mil douscentos cinco euros (1205,00 €) presupostados para xuros e custas baixo apercibimento de impor multas coercitivas do art. 591 da LEC".*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da Dilixencia de Ordenación de data 12.12.2016 recaída na tramitación do procedemento de Execución de Títulos Xudiciais nº 10/2016 derivada do Procedemento Ordinario nº 300/2009, seguido a instancia de M.L.N.N. no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, pola que se require ao Concello co fin de que: 'expida no prazo de dez días orde de pago a favor da parte executante por importe de tres mil cento vinte e dous euros con cincuenta e dous céntimos (3122,52 €) de principal, oitocentos noventa e catro euros con cincuenta e dous céntimos (894,52 €) de xuros vencidos e mil douscentos cinco euros (1205,00 €) presupostados para xuros e custas baixo apercibimento de impor multas coercitivas do art. 591 da LEC".*



## Concello de Cangas

*Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de tres mil cento vinte e dous euros con cincuenta e dous céntimos (3122,52 €) de principal, oitocentos noventa e catro euros con cincuenta e dous céntimos (894,52 €) de xuros vencidos e mil douscentos cinco euros (1205,00 €) presupostados para xuros e custas con cargo ao vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente ás custas e xuros derivados da execución de títulos xudiciais nº 10/2016 derivada do procedemento ordinario nº 300/2009.

### **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

#### **4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 04.01.2017, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo o informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:*

*\* Concederlle o servizo de Axuda no Fogar a C.C.C., co expediente nº 36008/01/000639-53322, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atención de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais: 45 horas.*

*Custo do servizo: cincocentos cincuenta e un euros con setenta céntimos (551,70€) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora).*



## Concello de Cangas

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de novecentos noventa e nove euros con noventa céntimos (999,90 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de dous euros con setenta céntimos (2,70€/hora).*

*Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e un euros con cincuenta e nove céntimos (121,59 €/mes).*

*Data prevista de alta no SAF: 16 de xaneiro de 2017".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

### **SUBVENCIONS**

#### **5º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE COMISIÓN DE AXUDA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA OS SERVIZOS SOCIAIS 2016**

Dáse conta de escrito de data 27.12.2016 (R.E. nº 18.748 do 30.12.2016) referente a comunicación de resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social, dependente da Consellería de Política Social, pola que ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, se resolve conceder unha axuda ao Concello de Cangas por importe de cento corenta e catro mil catrocentos tres euros con noventa e oito céntimos (144.403,98 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da referida resolución e aceptar a concesión de axuda ao Concello de Cangas para os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, por importe de cento corenta e catro mil catrocentos tres euros con noventa e oito céntimos (144.403,98 €).

#### **6º.- SOLICITUDE DE APRAZAMENTO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LINGÜA GALEGA-2016**

Dáse conta de proposta do día 03.01.2017 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a aprazamento á Deputación Provincial para a xustificación da subvención para promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega-2016, que é como segue:





## Concello de Cangas

### "PROPOSTA

*Solicitud de aprazamento á Deputación Provincial de Pontevedra para a xustificación da subvención para promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega-2016.*

*Visto que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión de 23 de xuño de 2016 aprobou, entre outros asuntos, a proposta de concesión de subvencións para a dinamización lingüística dirixida a concellos, a concesión ao Concello de Cangas da cantidade de cinco mil cincocentos cincuenta euros con dezasete céntimos (5.550,17 €) para a 'Promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega' onde se incluía o programa 'Premio de investigación Concello de Cangas'.*

*Visto que durante o ano 2016 non foi posible realizar unha publicidade adecuada para a consecución de traballos en número suficiente para conseguir unha divulgación e unha calidade que este premio merece.*

*Por todo isto, propoño á Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*1º.- Solicitar da Deputación Provincial un aprazamento de tres meses na xustificación da subvención concedida e poder realizar as actuacións previstas neste primeiro trimestre de 2017.*

*2º.- Notificar o presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a aprazamento á Deputación Provincial para a xustificación da subvención para promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega-2016.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) INFORME DO DEPARTAMENTO DE SINALIZACIÓN DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DA RÚA MÁRTIRES DO ANGUIEIRO**





## Concello de Cangas

Dáse conta de informe emitido o día 04.01.2017 polo Departamento de Sinalización da Policía Local, referente a sinalización da rúa Mártires do Angueiro, que é como segue:

*"Ref.: 07/17*

*O departamento de sinalización da Policía Local, por medio do presente fai constar:*

*\* Proponse sinalizar a rúa MARTIRES DE ANGUIEIRO, cunha sinal de prohibido estacionar en toda rúa, por tratarse dunha rúa empedrada na cal estacionan vehículos a ambos lados desta co constante deterioro da rúa.*

*Dita rúa non ten saída e esta considerada como unha rúa peonil".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido polo Departamento de Sinalización da Policía Local, referente a sinalización da rúa Mártires do Angueiro.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente